

TEMA 2. - ARTE ROMANA: COMENTARIO DO TEATRO DE MÉRIDA

a.- Identificación: título, autor, cronoloxía, cultura, estilo, movemento: Teatro de Mérida. Edificio público de carácter civil da arte romana. É un edificio para espectáculos. Época Imperial: Alto Imperio. Reinado do emperador Octavio Augusto. Finais do século I a.C. Foi mandado construír por Agripa, cónsul e xenro de Octavio Augusto. A escena foi restaurada durante o mandato de Traxano e rematada con Adriano. Localización: Emerita Augusta (actual Mérida, Badaxoz), que foi creada por Octavio Augusto e era a capital da provincia Lusitania en Hispania. Materiais: formigón, mármore e granito.

c.- Analiza e comenta a obra: Emerita Augusta, como toda cidade importante, tivo grandes edificios públicos: templos, acueduto, circo, anfiteatro e teatro. O Teatro de Mérida é o teatro romano máis importante de Hispania.

Na arquitectura romana os edificios dedicados a espectáculos (teatros, anfiteatros e circos) tiveron enorme importancia: a súa función era entreter e divertir ás masas. Caracterizábanse por ter unha dimensións colosais (en concreto, anfiteatros e circos) por cuestións prácticas (acoller a un elevado número de persoas) e propagandísticas (eran símbolo da grandeza e do poder de Roma e do emperador).

Na cidade de Roma o pobo disfrutaba máis dos espectáculos violentos e sangrientos que dos culturais, de aí a importancia que acadaron os anfiteatros, namentres o teatro tivo pouca aceptación (a diferenza de Grecia). En Hispania sucedía o contrario: hai máis restos de teatros que de calquera outro edificio público.

O teatro non é unha construción orixinal romana senón que deriva do grego, pero presenta diferenzas: o grego tiña planta ultrasemicircular e o romano semicircular; no grego a cavea (graderío para o público) estaba adosada á ladeira dunha montaña polo que non tiña fachada nin había espazos debaixo; o teatro romano é exento, é dicir,



constrúese nun terreo chá desde os cimentos: a cavea levantábase sobre corredores: debido a isto tiña unha fachada con pisos en altura; en cada piso había arcos de medio punto con lintel apoiados sobre piares con semicolumnas adosadas. Nos pisos superpoñíanse as ordes arquitectónicas indo desde a máis sinxela e xeométrica no inferior (dórica ou toscana) á máis complexa e decorativa no

superior (corintia ou composta). Os corredores, que estaban cubertos con bóvedas de formigón e ladrillo (valoración do espazo interno), comunicaban todas as zonas de cada


piso e os pisos entre si. Os corredores que comunicaban o exterior coa cavea recibían o nome de vomitorios e permitían un rápido desaloxo dos espectadores.

O Teatro de Mérida é unha excepción dentro dos teatros romanos, pois é mixto: a parte inferior da cavea constrúese adosada á ladeira dun-ha montaña e a superior desde os cimentos (sobre corredores): isto fai que teña unha fachada cun único piso con arcos de medio punto polos que se accede aos vomitorios que comunican coa cavea.

No **interior** presenta as seguintes partes:

- **Cavea**: lugar onde se sentaban os espectadores. No teatro grego era ultrasemicircular, no romano é semicircular. A cavea romana tiña divisións verticais mediante as escaleiras e divisións horizontais que separaban as diferentes clases sociais: ima cavea (na parte baixa) para a clase alta; media

cavea (na parte media) para a plebe; summa cavea (na parte superior) para as mulleres, os estranxeiros e os escravos.



mano é semicircular (perde importancia), isto permite que a escena sexa máis grande.

- **Aditus**: corredores situados a ambos lados da orquestra polos que entraban as autoridades e a nobreza; o resto do público facíao polos vomitorios.

- **Escena**: lugar onde se representaba a obra. No teatro grego estaba a nivel do chan ou pouco elevada, no romano é máis alta e longa pero pouco profunda. Presenta as seguintes partes:

- **Proscenio**: é o escenario.



media cavea (na parte media) para a plebe; summa cavea (na parte superior) para as mulleres, os estranxeiros e os escravos.

- **Orchestra**: no teatro grego situábanse os músicos e o coro, no romano as autoridades; no grego era circular, no ro-



- **Fronte de escena:** fondo da escena, de aspecto moi decorativo e monumental:.. Ten dous pisos de columnas corintias de mármore; nos intercolumnios había esculturas de emperadores e de deidades.
- **Post-escena:** amplo espazo rectangular situado detrás da escena que tiña camerinos, xardíns, estanque, biblioteca, urinarios e pórticos (para protexerse en caso de chuvia).

Neste teatro empregáronse como materiais construtivos o mármore para as columnas e o formigón recuberto de placas de granito ou mármore para muros, bóvedas, asentos e chan.

Estamos ante un teatro enorme para unha cidade relativamente pequena como era Mérida pois tiña unha capacidade para 5.500 espectadores: é pois un edificio funcional e



propagandístico.



Reconstrucción dixital da escena